

A PINTURA A FINAIS DA IDADE MEDIA: GIOTTO

(Contexto válido para Italia e para Flandres. Este contexto é suficiente)

Na pintura, igual que na arquitectura vanse ver os cambios tiveron lugar na Baixa Idade Media. Hai **DOUS FOCOS pictóricos fundamentais**:

- **ITALIA, coa escola florentina na que está Giotto**
- **FLANDRES, coa escola flamenga con Jean Van Eyck**

Estas dúas escolas buscarán o xeito de achegarnos á realidade aínda que de xeito diferente:

- **Os italianos intentarán dominar a perspectiva**, representar ao ser humano nos espazos....
- **Os flamengos farán unha pintura de grande detallismo**, minuciosa, que sorprenda poloseu enorme parecido coa realidade

Este intento de achegarnos á realidade **xera un novo xeito de pintar**.

En Italia, o mesmo que en Flandres, vívense as consecuencias de todos os cambios que aconteceron ao longoda Baixa Idade Media en Europa:

- Un **CRECIMENTO DEMOGRÁFICO** importante,
- O **REXORDEMENTO URBANO** do que Italia é un claro exemplo (Florenzia, Venecia, Xénova)
- O **FORTALECEMENTO ECONÓMICO** especialmente da actividade comercial no que tanto Italia como Flandres serán os exemplos máis significativos
- O protagonismo do grupo social que leva a cabo as actividades comerciais e artesanais: **A BURGUESÍA: OS NOVOS MECENAS**.
- Novos cambios na relixión, **A NOVA ESPIRITUALIDADE**, máis humanizada, que se porá de manifesto na escultura e tamén na pintura

A PINTURA ITALIANA DO TRECENTO (1300). GIOTTO (1284-1337).

OBRA: *Lamentación sobre Cristo morto*

AUTOR: *Giotto*

CRONOLOXIA: 1303 - 1305

ESTILO: *pintura italiana (italo-gótica) do Trecento, fresco con retoques de temple. Tránsito do Gótico ao Renacemento.*

UBICACIÓN: *Capela Scrovegni ou capela da Area, en Padua (Italia).*



Estamos ante a obra de madurez de Giotto os frescos da Capela Scrovegni de Padua.

- ✓ O promotor foi Enrico Scrovegni, rico banqueiro
- ✓ Era unha capela funeraria
- ✓ Probablemente Giotto interviu tamén na construción o que se deduce da magnífica integración entre pintura e arquitectura
- ✓ As paredes están decoradas con PINTURAS AO FRESCO, grandes paneis
- ✓ **Tema xeral:** A Salvación. As escenas refírense a episodios da vida de María, de Cristo.....Son 42 escenas nas que sobresa a Lamentación sobre Cristo morto que é a que temos na imaxe, na parte esquerda da Capela. *Este tema non se menciona na Biblia, é un tema de orixe bizantino.*

Nestes momentos, na pintura italiana, hai unha enorme INFLUENCIA DA PINTURA BIZANTINA, pintábase á manieragrec, e empregábanse: fondos dourados, personaxes planos e unha rixida simetría.

Por que é importante Giotto?

- ✓ É considerado o INICIADOR DA PINTURA MODERNA
- ✓ Foi un xenio que rachou coa influencia bizantina
- ✓ Témosto que situar como autor intermedio entre o Gótico e o Renacemento.

Cales son as características que o fan moderno? Planifica, pensa antes de executar a obra. Fai un traballo intelectual. Isto é algo propio do Renacemento.

Os seus **trazos máis salientables** son:

1. **Preocupado pola tridimensionalidade:** coa paisaxe, cos edificios, co sombreado....**onde se desenvolvan escenas cribles** .
2. Moi **preocupado por representar a figura humana:** **voluminosas, como esculturas,** ás veces de costas
3. Moi preocupado **polos estados de ánimo:** **especialmente dramáticos,** a través dos xestos, das miradas profundas, **cos ollos achinados e as bocas entreabertas.**



Estas novidades son tan avanzadas que non serán recollidas ata case un século despois por autores como Masaccio. Todas estas características podemos velas neste fresco que temos que analizar.

Técnica

A técnica empregada por Giotto é **o fresco, con retoques de temple.**

Composición

¿Como o representou? **Diferenciou dúas partes** no dramático suceso, a morte de Cristo:

- **Na parte inferior** arredor do corpo de Cristo están tres figuras principais: a Virxe abrazando ao seu fillo, a Magdalena óspés de Cristo e a san Xoán xesticulante de pé. Completan a escena as Santas Mulleres, Xosé de Arimatea e Nicodemo
- **Na parte superior,** no ceo, un grupo de anxos, querubins, **en escorzo,** participan da dor .Non son humanos, están fusionados co espazo celestial.
- **No medio unha liña diagonal que nos leva desde a cabeza de Cristo ata a montaña,** rematada coa árbore (quizais simbolizando unión terra e ceo)

Que emprega de novidoso que o converte nun pintor moderno?

NON HAI

- ✓ **fondo dourado,** só os nimbos.
- ✓ **xerarquía** na representación e a figura de Cristo aparece descentrada

HAI

- ✓ Unha **paisaxe natural, aínda que é esquemática** (fixarse que nin sequera está en proporción ás figuras)
- ✓ **figuras con sentimentos de dor**
- ✓ **figuras escalonadas, para acadar profundidade**, figuras macizas, de espaldas (co queracha coa frontalidade da pintura do pasado)

Cores

Nas cores resalta o azul intenso no fondo que substitúe ao dourado do pasado e a **harmonía do conxunto** (verdes, marelos e cálidos) que **dinamizan a escea**.

Conclusión

Coa paisaxe, cos escorzos, coas figuras en distintos planos, coas figuras de espaldas, coa paisaxe natural, etc. **acada un dos obxetivos** da súa pintura: **a tridimensionalidade e a representación dunha escea real**, como xa dixemos. Esta obra é polo tanto **un exemplo** claro das novidades que Giotto introduce na pintura e que anuncian un Renacemento que está por chegar.

OBRA: A Fuxida a Exipto

AUTOR: Giotto

CRONOLOGÍA: 1303-1305

ESTILO: pintura italiana (italo-gótica) do Trecento, fresco. Pintura final do Gótico

UBICACIÓN: Capela Scrovegni de Padua, capela da Arena (construída sobre un anfiteatro)



ENGADIR AS CARACTERÍSTICAS DA PINTURA DE GIOTTO E A DESCRICIÓN DA CAPELA SCROVEGNI

Técnica

A técnica empregada por Giotto é **o fresco, con retoques de temple**.

Composición:

Na escea representada atopamos unha serie de personaxes que podemos ordear en tres grupos:

- **Na parte terrenal:**
 - no lado esquerdo tres personaxes, acompañantes que camiñan e falan,
 - no centro a Virxe, de perfil co neno a lomos do burro
 - diante san Xosé cun axudante.
- **Na parte celestial:** un anxo contempla a escena e indícalles o camiño.

Giotto xoga coa ubicación dos personaxes: uns adiantados outros retrasados; e ao fondo unha paisaxe montañosa, montañas rochosas, e algúns árbores desperdigadas recortadas sobre o típico azul dos ceos de Giotto

Podemos falar dunha **composición triangular** que engloba a Virxe co neno e que se reforza coa mesma formatriangular da montaña na parte traseira.

Como consegue Giotto a sensación de realidade, o naturalismo?

- **Colocando aos personaxes en distintas posturas,** de medio lado, de fronte.. e tamén **xesticulando, sendo expresivos** coas mans, as miradas...
- **Coa sensación de movemento.** É un **movemento pausado que se representa nas** patas do animal, o xiro da cabeza de san Xosé, o anxo indicando camiño , ou a mirada da Virxe ao fronte.
- **Coa sensación de volume:** a través do sombreado, luz e a gradación de cores.....nas figuras monumentais cubertas con túnicas amplas ...
- **Coa creación de de profundidade,** a través dos elementos anteriores xa descritos e reforzados coa liña do chan e as liñas diagonais dos perfis das montañas

Cores

Contraste de cores frías e cálidas. Nas cores **resalta o azul intenso** no fondo (que substitúe ao dourado) e a **harmonía do conxunto** (verdes, marellos e cálidos) que dinamizan a escena, propio de Giotto

Conclusión

Polo tanto, coa paisaxe natural, cos escorzos (anxo, nimbo da virxe) e coas figuras en distintos planos acada un dos obxetivos da súa pintura: a tridimensionalidade e a representación dunha escena real. Nesta capela e onde atopamos a pintura de Giotto plenamente desenvolvida e amosa os cambios que se están a producir e que anuncian o Renacemento.